



Confederación Intersindical Galega

IMPRESIONANTE

Non haberá asembleas do Comité para informar da Negociación do Convenio. Así o decidiron CC.OO. e UGT no pasado Pleno Extraordinario do venres 13 de xuño.

Non queren contraste de pareceres nin pluralidade de opinións. Plantexaronlle os membros do Comité decidir entre asembleas nas que as intervencións dos sindicatos estivese en función dos delegados obtidos nas eleccións sindicais (un minuto por delegado) co que polo menos a tres sindicatos só lles daría tempo de presentarse, e disculparse por ter que rematar tan axiña, ou que non houbera asembleas de Comité.

A CIG, que con independencia de que poidera aceptar para sí ter que limitarse a catro minutos, non acepta sin embargo a pretensión dos autores da proposta de asinar un acordo que estableza un novo modelo de asembleas, sin precedentes na historia do Comité Provincial, que claramente limita un dos dereitos esenciais da democracia: a liberdade de expresión, por falla material de tempo para a metade dos sindicatos que están no Comité.

A CIG propuxo que se seguiran facendo as asembleas coma sempre, porque consideramos que é como mellor se pode, dentro das limitacións que teñen as Asembleas de Centro, establecer un mínimo e aceptable contraste de opinións. Quen debendo estar a defender os intereses dos seus representados está en consonancia cos intereses da empresa non ten a capacidade de soportar nin a crítica, nin a diversidade de opinións e actúa evitando que éstas cheguen o cadro de persoal, non vaia ser que por culpa de ter máis que unha perspectiva das custións que nos afectan se contamine con outros pareceres ou se rebele contra as decisións da dirección do sindicato.

Como non se aceptou a chantaxe eles realizarán asembleas para os seus afiliados. Non se explicitou si conxuntas ou por separado de CC.OO e UGT e o resto de sindicatos faremos o que poidamos para que as nosas versións cheguen a todos vós.

Recibíranse previamente no Comité unha serie de cartas de varios compañeiros e compañeiras esixindo asembleas do Comité para informar da Negociación Colectiva. Como isto non vai ser posible agora e posiblemente non volva a haber asembleas de Centro os traballadores deben demandarlle explicacións e rectificación a ambos sindicatos.

Tamén é o momento de recuperar a Asemblea Xeral como elemento fundamental de debate e posta en común dos intereses dos traballadores de Telefónica. Por certo que este instrumento, tan eficaz noutros tempos, tampouco gustaba e por eso foi boicoteado. O que nos pode axudar na defensa dos dereitos e das conquistas sociais debe ser recuperado. Só é preciso que participe.

A Coruña, 13 de xuño de 2003